



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 2 DE MARZO DO 2017.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Anxo Orellan Fernández D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Víctor Reiriz Lampón	Interventor: D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11) Secretario Xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: D. Antonio Javier Jesús Freire Brión
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e cincuenta minutos do día dous de marzo do dous mil dezasete, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación.






B) PROPOSTAS DE GASTO.


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	27/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía, Servizos Sociais, Cultura e Deportes		
DESCRICIÓN DO GASTO	Adquisición de 6 cambiadores de cueiros, 6 dispensadores de rolos cubre padiola e 6 papeis de padiola tisú, para as dependencias de Servizos Sociais, Centro Cultural Lustres Rivas, Auditorio Municipal, Complexo Deportivo da Fieiteira e Casa Consistorial		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GABRIEL BARREIRO DOMÍNGUEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	GABRIEL BARREIRO DOMÍNGUEZ		
NIF/CIF:	76506532E		
Importe (IVE Incluído):	2.549,64 €		
Observacións:			

Nº Proposta		2	Data	22/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración e colocación de canalón e baixante na cuberta do patio infantil do CEIP O Grupo		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ANTONIO JOSÉ DOMÍNGUEZ VICENTE	
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (22/02/2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		ANTONIO JOSÉ DOMÍNGUEZ VICENTE		
NIF/CIF:	76777719Q			
Importe (IVE Incluído):	1.234,20 €			
Observacións:				

Nº Proposta		3	Data	27/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 27 barras de xunquillo e 2 planchas de policarbonato para reparación de marquesiñas		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MARLO, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	MARLO, S.L.			
NIF/CIF:	B70292982			
Importe (IVE Incluído):	780,38 €			
Observacións:				






CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta	4	Data	27/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 1464 remaches para reparación de marquesiñas		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L. - MARLO, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15972649		
Importe (IVE Incluído):	159,43 €		
Observacións:			

Nº Proposta		5	Data	24/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de materiais de difusión e montaxe para a exposición “Libertas” de Olegario Sampedro, no C.C. M. Lustres Rivas do 10/03/2017 ao 01/04/2017		
Nº orzamentos aportados	4	Provedores	- FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. - DOSTEX, S.L. - STILLROT CREACIONES, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA		
NIF/CIF:		52930719Z		
Importe (IVE Incluído):		453,03 €		
Observacións:				

Nº Proposta	6	Data	24/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Autorización de gastos en concepto de imprevistos co motivo da celebración da exposición "Libertas" de Olegario Sampedro, no C:C. M. Lustres Rivas do 10/03/2017 ao 01/04/2017		
Nº orzamentos aportados		Provedores	
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:			
NIF/CIF:			
Importe:			
Observacións:			

Nº Proposta	7	Data	27/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Reposición de 10 (8+2) árbores para a Praza do Concello e Rúa Vionta		
Nº orzamentos	1	Provedores	PLANTAS DE PIADLA, S.L.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

aportados				
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		PLANTAS DE PIADELA, S.L.		
NIF/CIF:		B15918360		
Importe (IVE Incluído):		748,00 €		
Observacións:				

Nº Proposta		8	Data	01/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo de transporte de 10 (8+2) árbores para reposición na Praza do Concello e Rúa Vionta		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.			
NIF/CIF:	B15555923			
Importe (IVE Incluído):	363,00 €			
Observacións:				


Nº Proposta		9	Data	01/03/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Inserción de media páxina publicitaria en edición do 04/03/2017 advertindo de cortes de tráfico o día 05/03/2017 co motivo da celebración dunha proba de duatlon		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		LA VOZ DE GALICIA, S.A.		
NIF/CIF:		A15000649		
Importe (IVE Incluído):		393,25 €		
Observacións:				

AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

Visto o escrito presentado por **Manuel Cerqueiras Cerqueiras**, de data 22/02/2017 (Rexistro de entrada nº 2.864), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Riveira.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, M^a del Pilar García Sampedro, de data 23/02/2017, por unanimidade dos presentes,

ACORDA:





Conceder a Manuel Cerqueiras Cerqueiras unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **244,04 €**, para sufragar os gastos derivados do pago do recibos de enerxía eléctrica da súa vivenda relativo ao periodo 15/11/2016 a 20/01/2017.

III.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 03/02/2017 **"Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "Rehabilitación das rúas Vionta e Ínsua (Riveira)""**.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde en funcións (Decreto 20/02/2017), Manuel Emilio Pérez Outeiral, de data 21/02/2017 **"Decreto: Requirimento para a xustificación dunha oferta económica, en principio, anormal ou desproporcionada, presentada no expediente para a adxudicación do contrato de obras de "Renovación de servizos e pavimentación da Rúa Pinisqueira (Aguiño)""**.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VIII.- INFORMACIÓN URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **Elena Sampedro Sampedro**, de data 20/02/2017 (Rexistro de entrada nº 2.720), no que solicita certificación sobre metros cedidos para a construción de vial pertencente á Deputación da Coruña.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 22/02/2017, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

REF. CATASTRAIS: 15074A011006670000KP-15074A014005690000KM

Solicítase a asignación dos metros cedidos para a construción de vial a unha das fincas resultantes pola expropiación dos terreos necesarios para a apertura dun vial da Deputación.

O Concello pode recoñecer que a finca matriz sufríu unha perda de metros cadrados polo feito anterior, pero en todo caso esos metros se asignarían, ou en proporción ás fincas ou metade e metade a cada unha delas.

SUPOSTO 1: en proporción:

Suma de ambas fincas (Según medición): 909,61 m²

Predio A: 387,80 m² (42,63 %)

Ocupación estrada: 127,45 m² x 42,63%: 54,33 m²

Predio A: 387,80 + 54,33: 442,13 m²

Predio B: 522,61 m² (57,37 %)

Ocupación estrada: 127,45 m² x 57,37 %: 73,11 m²

Predio B: 522,61 + 73,11: 595,72 m²

SUPOSTO 2: por partes iguais:

Suma de ambas fincas (según medición): 909,61 m²

Predio A: 387,80 m² (50%)

Ocupación estrada: 127,45 m² x 50 %: 63,72 m²

Predio A: 387,80 + 63,72: 451,52 m²

Predio B: 522,61 m² (50%)

Ocupación estrada: 127,45 m² x 50 %: 63,72 m²

Predio B: 522,61 + 63,72: 586,33 m²

Según esto, en ningún dos supostos, o predio A alcanzaría a superficie mínima esixida para poder ser edificable.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

1.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **Etelvino Isidoro Pardal Bretal**, mediante escritos de datas 14/12/2016, 12/01/2017 e 15/01/2017, (Rexistros de entrada nº 16.199, 197 e 345), nos que solicita licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar reformada e ampliada ó amparo da licenza nº



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

95/11, sita na Rúa Pumariño nº 6, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0423115NH0102S0001TH.


A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 16/02/2017, e visto o informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 20/02/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a Etelvino Isidoro Pardal Vidal **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar reformada e ampliada sita na Rúa Pumariño nº 6, Riveira en parcela con refª catastral nº 0423115NH0102S0001TH, construída ao amparo da licenza de obra nº 95/11, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 7 de abril de 2011, de acordo coas determinacións da **Documentación Fin de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22 de decembro de 2015, **Certificación Final de Obra** con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 11 de decembro de 2015, asinados polo Arquitecto Sergio Lucio Paniccia e polo Arquitecto Técnico José Manuel Nieto Olveira, **Liquidación Final de Obra Executada** visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 11 de decembro de 2015, **Acta de Recepción de Edificio Terminado** visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, **Xustificante do Catastro de Alta no IBI**, **Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 13 de xaneiro de 2016.

Segundo.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Terceiro.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





2.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **Francisco José Lijó García**, mediante escritos de datas 14/10/2016 e 11/11/2016, (Rexistros de entrada nº 13.334 e 14.832), nos que solicita licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar reformada ó amparo da licenza nº 58/15, sita no lugar dos Páramos, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A019003240000KM.


A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 14/02/2017, e visto o informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 20/02/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Primeiro.- CONCEDER ao Sr. Francisco José Lijó García **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar reformada ó amparo da licenza nº 58/15, sita no lugar dos Páramos, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A019003240000KM, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 23 de xullo de 2015, de acordo coas determinacións da **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 29 de setembro de 2016 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación asinados polo Arquitecto e Enxeñeiros da Edificación José Antonio Gómez Domínguez, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante do Catastro de Alta no IBI, Certificado de eficiencia enerxética** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 4 de maio de 2015, **Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 30 de novembro de 2016.

Segundo.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Terceiro.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A ESCRITO PRESENTADO POR JOSÉ ALFONSO GONZÁLEZ NO QUE SE PRESENTA A RENUNCIA DA SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Segregación de parcela.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano.

SITUACIÓN: Rúa Andrés Torres Queiruga nº 10-14, Aguiño, Riveira.

PROMOTOR/A: José Alfonso González.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por Andrés Fernández Fuentes actuando en nome e representación de José Alfonso González, solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 9.6.16, (Rexistro de entrada nº 7.303), licenza de segregación de parcelas sitas na Rúa Andrés Torres Queiruga nº 10-14, Aguiño, Riveira.

3.- Posteriormente por José Alfonso González, preséntase en escrito rexistrado de entrada na data 18.11.16, (Rexistro de entrada nº 15.094), que:

“

(...)

Sexa cancelada a tramitación do citado expediente.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O artigo 94 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas establece que:


1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude o, cando elo non esté prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.


2. Si o escrito de iniciación se houbera formulado por dous o mais interesados, o desistimento ou a renuncia sólo afectará a aqueles que a houbesen formulado.

3. Tanto o desistimento como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano o desistimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, habéndose persoado no mesmo terceiros interesados, instasen éstos a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados do desistimento.

5. Si a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entrañase interés xeral o fora conveniente sustanciarla para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos do desistimento ou a renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.





Polo anteriormente exposto, visto o informe emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 5 de agosto de 2016, visto o escrito presentado por José Alfonso González, rexistrado de entrada na data 18.11.16, (Rexistro de entrada nº 15.094), visto o informe de anulación de liquidación de licenzas de obras emitido polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 13/02/2017, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 13/02/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ACEPTAR A RENUNCIA da solicitude de licenza municipal de segregación de parcelas presentada por José Alfonso González sitas na Rúa Andrés Torres Queiruga nº 10-14, Aguiño, Riveira, **DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

Segundo.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DONA INÉS CASTRO PÉREZ POLOS DANOS OCASIONADOS NO SEU VEHÍCULO POR MOR DUNHA TAXEA NA BEIRRARRÚA DA RÚA FONTESECA, PARROQUIA DE CASTIÑEIRAS. Expediente RP 13/2015.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Dona Inés Castro Pérez**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS


Primeiro.- O día 07 de agosto de 2015, o vehículo marca Hyundai, matrícula 1889 JCB, propiedade de dona Inés Castro Pérez, sufriu a rotura dunha roda ao meterse nunha taxea sita na beirrarrúa da rúa Fontesecca, parroquia de Castiñeiras, á altura do número 68, ao pé da praia dos Mosqueiros.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 11/08/2015 co número 8.269, dona Inés Castro Pérez, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos sufridos no vehículo da súa propiedade que cuantifica na contía de 136 euros.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple da factura emitida por "**Neumáticos Coroso S.L.**".

Mediante escrito rexistrado de entrada na data 08/10/2015 co número 10.424, a reclamante achega a seguinte documentación: copia compulsada do seu





DNI; copia compulsada do libro de familia; copia compulsada do permiso de circulación do vehículo; e copia compulsada da ficha técnica do vehículo.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido pola Policía local na data 19/09/2016.
- Informe emitido pola entidade Viaqua, rexistrado de entrada na data 28/09/2016.
- Informe emitido na data 10/11/2016 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, sen que conste a presentación de alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.-


Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de procedemento das administración públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable





economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-


En referencia agora ó presente caso, a reclamante ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación, xa que segundo consta na documentación do expediente é a titular do vehículo que sufriu os danos. E fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data do sinistro.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo marca Hyundai con placas de matrícula 1889 JCB. Así se deduce da factura dos danos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto a reclamante conecta os mesmos ao mal estado da beirarrúa da rúa Fonteseca.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Riveira, non tivo constancia dos feitos polos que se reclama, polo que non puido comprobar a veracidade dos mesmos. No informe que emite na instrución do expediente indican que a**







rúa Fontesecca non ten 68 números, o número 68 corresponde á Estrada Xeral e esa vía é a DP 7307 cuxo titular é a deputación.

- A entidade Viaqua, concesionaria da xestión dos servizos de abastecemento e saneamento do Concello de Riveira, tampouco tivo constancia do accidente que se reclama. Así o dispón en informe rexistrado de entrada na data 28/09/2016 co número 12.608: ***"1) Este servicio no tiene constancia del accidente que se reclama. En la fecha y lugar indicados no se ha recibido ningún aviso acerca de lo sucedido, ni se ha realizado ninguna actuación. 2) En la revisión realizada el día 26/09/2016, una vez notificado el siniestro por parte del Concello, no se ha detectado ninguna deficiencia en las instalaciones municipales. La única tajea que existe en el lugar indicado es un pequeño tramo de cuneta del vial DP 7307, sobre la que hay una rejilla longitudinal de entrada a una vivienda y que está situada fuera de la zona de rodadura. Se adjuntan fotos de la misma. 3) No se ha efectuado ninguna actuación para la corrección de las supuestas deficiencias, ya que no se tiene constancia de las mismas hasta la notificación por parte del Concello del siniestro indicado, y por otra parte, no es competencia de este servicio el mantenimiento de las cunetas y tajeas existentes en los viales municipales y no municipales, como es el caso, ya que el vial pertenece a la red de carreteras de la Diputación."***
- **No departamento de obras públicas do Concello tampouco se tivo constancia do sinistro.** Isto é o que reflicte a enxeñeira municipal no seu informe emitido na data 10/11/2016, no que tamén se dispón que das fotografías que presenta Viaqua non se aprecia a existencia de defecto ou obstáculo algún que puidese provocar os danos polos que se reclama e que a cuneta existente é necesaria para recoller as augas pluviais, é dicir, non é un obstáculo ou impedimento ao tráfico, sobre todo se temos en conta que está fora da zona de rodadura, e sobre a mesma hai unha rexa cuxo estado é bo segundo se aprecia nas fotografías.

A enxeñeira municipal precisa así mesmo que, o lugar do accidente é unha vía que pertence á Deputación provincial de A Coruña.
- **A testemuña que prestou a súa declaración no expediente, afirmou que viu como a reclamante pasaba no coche e quixo aparcarse e meteu o coche na cuneta,** o que lle ocasionou danos no vehículo. Recoñece como lugar do accidente o que aparece nas fotografías do informe emitido pola entidade Viaqua.

Da análise das probas practicadas, **conclúese que non resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo marca Hyundai con placas de matrícula 1889 JCB, propiedade de dona Inés Castro Pérez e o funcionamento dos servizos públicos municipais, e isto polos seguintes motivos: porque non resulta acreditado a existencia dun defecto ou obstáculo na beirarrúa que puidese ocasionar os danos polos que se reclama, e porque a taxea que a reclamante di que se atopa na beirarrúa e que foi a causa do accidente, atópase





non na beirarrúa, senón que forma parte dunha vía cuxo titular é a Deputación Provincial da Coruña e non o Concello de Riveira, polo que neste sentido esta Administración carecería de lexitimación pasiva ao non ser titular da vía na que tivo lugar o accidente e polo tanto non ser a responsable do seu mantemento e conservación. Como consecuencia, non pode estimarse a reclamación presentada por dona Inés Castro Pérez.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de reolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, maría Sieira Ríos, de data 01/03/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Inés Castro Pérez, polos motivos e fundamentos antes expostos.

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por **María Pilar Vilar González**, de data 24/02/2017 (Rexistro de entrada nº 3.032), no que solicita o cambio de ubicación dunha sinal de tráfico situada na Rúa Otero Pedrayo (Riveira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local en data 01/03/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Denegar a solicitude de cambio de ubicación dunha sinal de tráfico xa que, según o sinalado no citado informe policial *"(...) consideran muy difícil o muy poco probable que se pueda escalar por la señal existente"*.

2.- Visto o escrito presentado por **Juan Andrés Parada Pérez**, de data 14/12/2016 (Rexistro de entrada nº 16.216), no que solicita a instalación dun espello de tráfico na Rúa Listres, nº 57 (Aguiño).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local en data 22/02/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Denegar a solicitude de instalación dun espello de tráfico xa que, según o sinalado no citado informe policial *"(...) realizada la inspección ocular, a juicio de los actuantes el cruce dispone de suficiente visibilidad"*.





3.- Visto o escrito presentado por **Manuela Alfonso Outeiral**, de data 27/02/2017 (Rexistro de entrada nº 3.116), no que solicita a reposición do espello de vial que utiliza a CC.PP. do edificio situado na Rúa Alcalde Bermúdez, nº 57 (Riveira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local en data 01/03/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a reposición do espello vial situado fronte ao edificio situado na Rúa Alcalde Bermúdez, nº 57 (Riveira), debendo ser a comunidade de propietarios do citado edificio a que deberá asumir o custo da súa reposición.

4.- SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2016-2017

Vista a **proposta da Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro**, de data 01/03/2017, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2016-2017

Vista a documentación que consta no expediente

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen na seguinte listaxe:

Destino: Santiago de Compostela

Lixó Gómez, Carlos 53487445W

5.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONES.

Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Turismo, Antonio Javier Jesús Freire Brión**, de data 01/03/2016, en relación ás bases do programa de subvencións dirixidas a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2017, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 32, de data 15/02/2017) e a convocatoria do citado programa (BOP nº 39 do 24/02/2017).

Vista a documentación que consta no expediente.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento do programa “subvencións dirixidas a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2017”





- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.

6.- AUTORIZACIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUN PANTEÓN CON CATRO UNIDADES DE ENTERRAMENTO VERTICAIS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE RIVEIRA – CONCEPCIÓN BRAVO PÉREZ.


Visto o escrito presentado por **Concepción Bravo Pérez**, de data 27/09/2006, no que solicita autorización para a construción dun panteón con catro unidades de enterramento verticais no Cemiterio Municipal de Riveira.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Autorizar a Concepción Bravo Pérez a construción dun panteón con catro unidades de enterramento verticais no Cemiterio Municipal de Riveira, a situar no espazo da anterior sepultura identificada co nº 640.
- b) Informar á interesada que esta autorización leva implícita a preceptiva expedición dun novo Título de Dereitos Funerarios.
- c) Incorporar as tres novas unidades de enterramento, de ser o caso, ao Inventario de Bens Municipais.
- d) Esta autorización non conleva a ampliación ou outorgamento dun novo período de concesión, senón que tal período de concesión segue sendo o mesmo que foi autorizado para a sepultura orixinal.
- e) Notificar a presente resolución a interesada en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.- AUTORIZACIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUN PANTEÓN CON CATRO UNIDADES DE ENTERRAMENTO VERTICAIS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE RIVEIRA – MARÍA DE LA PAZ BRAVO PÉREZ.





Visto o escrito presentado por **María de la Paz Bravo Pérez**, de data 27/09/2006, no que solicita autorización para a construción dun panteón con catro unidades de enterramento verticais no Cemiterio Municipal de Riveira.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Autorizar a María de la Paz Bravo Pérez a construción dun panteón con catro unidades de enterramento verticais no Cemiterio Municipal de Riveira, a situar no espazo da anterior sepultura identificada co nº 639.
- b) Informar á interesada que esta autorización leva implícita a preceptiva expedición dun novo Título de Dereitos Funerarios.
- c) Incorporar as tres novas unidades de enterramento, de ser o caso, ao Inventario de Bens Municipais.
- d) Esta autorización non conleva a ampliación ou outorgamento dun novo período de concesión, senón que tal período de concesión segue sendo o mesmo que foi autorizado para a sepultura orixinal.
- e) Notificar a presente resolución a interesada en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.


8.- AUTORIZACIÓN PARA A CONSTRUCIÓN DUN PANTEÓN CON CATRO UNIDADES DE ENTERRAMENTO VERTICAIS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE RIVEIRA – ANA MARÍA BRAVO PÉREZ.

Visto o escrito presentado por **Ana María Bravo Pérez**, de data 27/09/2006, no que solicita autorización para a construción dun panteón con catro unidades de enterramento verticais no Cemiterio Municipal de Riveira.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Autorizar a Ana María Bravo Pérez a construción dun panteón con catro unidades de enterramento verticais no Cemiterio Municipal de Riveira, a situar no espazo da anterior sepultura identificada co nº 638.
- b) Informar á interesada que esta autorización leva implícita a preceptiva expedición dun novo Título de Dereitos Funerarios.
- c) Incorporar as tres novas unidades de enterramento, de ser o caso, ao Inventario de Bens Municipais.
- d) Esta autorización non conleva a ampliación ou outorgamento dun novo período de concesión, senón que tal período de concesión segue sendo o mesmo que foi autorizado para a sepultura orixinal.
- e) Notificar a presente resolución a interesada en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.





9.- INFORME DA TESOURERÍA MUNICIPAL ACERCA DA ADXUDICACIÓN DE BENS A FAVOR DO CONCELLO NO MARCO DO PROCEDEMENTO DE PREMA 2008EXP35030534 INSTRUÍDO POLO SERVIZO PROVINCIAL DA CORUÑA.

Visto o informe emitido polo Tesoureiro Municipal, José Antonio Rueda de Valenzuela, de data 01/03/2017, a instancia da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 16/02/2017, en relación á adxudicación de bens a favor do Concello no marco do procedemento de prema 2008EXP35030534 instruído polo Servizo de Recadación – Unidade Central Recadación Executiva da Deputación da Coruña, e no que sinala:

“(…)

Primeiro.- A Comunicación remitida polo Servizo Provincial de Recadación coñecer o interese do Concello acerca da adquisición dos bens obxecto de execución –dous rochos, situados en Porto do Son-, de acordo co previsto no artigo 109 do RXR.

Segundo.- A Posible utilidade destes bens para a prestación dalgún servizo municipal é unha cuestión que excede do coñecemento da Tesourería, ao obedecer a aspectos de oportunidade que corresponde apreciar a áreas de goberno –Concellerías e Alcaldía- en que se estrutura o Concello e, en particular, a aquela que considere que dito ben resulta de utilidade para o desenvolvemento da súa actividade, que debería emitir un informe xustificativo de tal necesidade.

“(…)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** dar traslado á concellería correspondente do citado informe da Tesourería Municipal para que proceda a valorar a utilidade pública do citado ben e, de ser así que proceda a emitir informe xustificativo de tal necesidade.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 2 de marzo de 2017

O Alcalde

Manuel Ruíz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle